



### III ASSEMBLEA XERAL

Estimados/as compañeiros/as.

Por medio da presente informamos que o vindeiro domingo **13 de novembro de 2022** ás 12:00 horas, en primeira convocatoria, e ás 12:30 horas, en segunda, celebrarase a **III Asemblea Xeral de VIA Alfoz**. O acto terá lugar no **Salón de Actos do Centro Sociocultural de Alfoz**, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se procede, da liquidación de contas dos exercicios anteriores, desde a celebración da última reunión ordinaria da Asemblea Xeral.
3. Dación de contas das xestións realizadas pola Dirección Executiva desde a última Asemblea Xeral.
4. Estado de altas e baixas de afiliados/as.
5. Asuntos declarados de urxencia, a tratar pola Asemblea Xeral.
6. Presentación de candidato/as aos distintos postos da Dirección Executiva.
7. Elección e nomeamento de membros da Dirección Executiva.
8. Proposta e elección, se procede, do/a candidato/a ás eleccións de 2023.
9. Análise político do/a Presidente/a electo/a.
10. Rogos e preguntas.

Antes da Asemblea Xeral abrirase unha **mesa de captación de afiliados** que estará instalada no mesmo Centro Sociocultural de 11:00 a 12:00 horas.

Tras a Asemblea Xeral celebrarase unha **comida de irmandade** á que poderán asistir todos os afiliados, tanto militantes como simpatizantes, así como os acompañantes que o desexen, sexan afiliados ou non. A comida está programada para as 15:00 horas. O lugar de celebración da comida será confirmado a semana anterior á celebración da Asemblea Xeral. Os interesados deberán comunicalo a calquera membro da actual Dirección Executiva.

Alfoz, 15 de Outubro de 2022

A Presidenta,

Asdo. Efigenia Maseda Paz